

## Crear unha Presentación en Slide

Imos ver como crear una presentación en Slide.com partindo dunha colección de imaxes que temos no noso PC...


1. Escribimos "slide.com" e prememos a tecla Intro...



2. Escribimos os datos correspondentes á nosa conta en Slide. Prememos Entrar...




3. Xa identificados e dentro da nosa conta, prememos en Make a Slide Show...




4. Para facer unha presentación (que non é máis que unha sucesión de imaxes) necesitamos dispor dunha serie de fotografías, gráficas ou debuxos. Agora subiremos as imaxes premendo no botón Busca...



5. No noso PC buscamos as imaxes guiándonos ata o lugar onde as teñamos situadas. Cando as localicemos, seleccionámolas e prememos Abrir...



6. Agardamos a que se suban as imaxes...




7. Logo podemos velas ao final da páxina cos seus nomes respectivos. Neste lugar podemos: cambiar o texto que se verá ao pé da imaxe (pé de foto), ordenar as imaxes (arrastrámoas) e cambiar as propiedades do pé de foto...




8. Fixémonos no apartado Personaliza. Aquí podemos definir o aspecto e comportamento da presentación: Neste apartado podemos definir o aspecto e comportamento da presentación:

- tamaño da presentación (Tamaño)
- imaxe da pantalla (Skin)
- velocidade de cambio (Rapidez)
- efectos na transición (Selección)
- efectos especiais (Temas e Efectos)
- engadir música (Música)
- cambiar a cor de fondo (Fondo).

Experimentar é o mellor xeito de entender todas estas posibilidades...




9. Cando todo estea ao noso gusto, prememos en Guardar (obtener código)...




10. Agora copiaremos o código para levalo á pantalla de Administración e introducir a presentación no post. Fixámonos no apartado Share this Slide Show, facemos clic e copiamos do xeito habitual...



11. Coa información anterior, imos a Administración a escribir o post, seguindo o procedemento habitual. Premos no botón Engadir recursos...



12. Na ventana emerxente, seleccionamos Slide Show no campo Portal. No campo Procura do ID premos o botón dereito e seleccionamos Pegar...




13. Automaticamente se xerará o ID do recurso (a presentación). Prememos en Insert...



14. Na pantalla vemos o código asociado á nosa presentación. Podemos rematar o post escribindo máis texto ou engadindo máis recursos.



15. Prememos Gardar e Continuar Editando e logo Previsualizar para ver o post...



16. As presentacións quedan almacenadas en Slide.com e podemos acceder a elas en calquera momento. Só temos que accedor á nosa conta en Slide.com, onde aparecerán todas as presentacións gardadas. Para cambiar a presentación prememos en Edit & Add Photos...



17. Podemos cambiar absolutamente todo da presentación, engadir ou borrar imaxes, cambiar aspecto, etc...

